



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código   | Centro     | Concello | Ano académico |
|----------|------------|----------|---------------|
| 15021469 | CIFP Leixa | Ferrol   | 2025/2026     |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional                    | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo                                  | Grao                               | Réxime                |
|-------------------------------|----------------------------------------|---------------------------|--------------------------------------------------|------------------------------------|-----------------------|
| SSC                           | Servizos socioculturais e á comunidade | CSSSC06                   | Formación para a mobilidade segura e sustentable | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de proba libre |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

| Código MP/UF | Nome                                       | Curso     | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|--------------------------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MPI026       | Lingua estranxeira profesional II - Inglés | 2025/2026 |                  | 53           |                |

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

|                                |                          |
|--------------------------------|--------------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | MARÍA INÉS FLORES LOZANO |
| Outro profesorado              |                          |

Estado: Pendente de supervisión departamento



## **2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación**

### **2.1. Primeira parte da proba**

#### **2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>                                                                                                                                                                                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RA1 - Interpreta información do ámbito profesional do técnico ou a técnica superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable en textos orais e conversas complexas, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio |
| RA2 - Interpreta información profesional do ámbito do técnico ou a técnica superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable en textos escritos e documentos, en lingua estranxeira, utilizando ferramentas de apoio       |

#### **2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                            |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA1.1 Identifícanse a idea principal e as secundarias de textos orais e de conversas propios do ámbito profesional                                     |
| CA1.2 Extraéronse informacións específicas de mensaxes complexas                                                                                       |
| CA1.3 Comprenderonse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, e identifícanse as pautas de cortesía asociadas                                      |
| CA1.4 Identifícanse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira                    |
| CA1.5 Interpretouse en textos orais información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional                                                  |
| CA1.6 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión oral |
| CA2.1 Identifícanse e utilizáronse as ferramentas de apoio máis adecuadas para a interpretación e a tradución da lingua estranxeira                    |
| CA2.2 Interpretouse en textos escritos información sobre os produtos e os servizos do ámbito profesional                                               |
| CA2.3 Interpretáronse estatísticas e gráficos en lingua estranxeira sobre o ámbito profesional                                                         |
| CA2.4 Léronse e comprendéronse, con un alto grao de independencia, distintos tipos de textos                                                           |



| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                               |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA2.5 Identificouse o contido de artigos, noticias e informes sobre temas profesionais                                                                    |
| CA2.6 Analizouse información específica en mensaxes técnicas recibidas a través de diferentes soportes                                                    |
| CA2.7 Analizáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos que axudan na comprensión escrita |

## **2.2. Segunda parte da proba**

### **2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

| <b>Resultados de aprendizaxe do currículo</b>                                                                                                                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| RA3 - Produce mensaxes orais e mantén conversas en lingua estranxeira, en situacións habituais do ámbito profesional do técnico ou a técnica superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable                     |
| RA4 - Redacta e cobre documentos de carácter profesional no ámbito do técnico ou a técnica superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable, coa cohesión e a coherencia requiridas para unha comunicación eficaz |

### **2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**

| <b>Criterios de avaliación do currículo</b>                                                                                                                   |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA3.1 Expresouse con fluidez sobre temas profesionais, marcando con claridade a relación entre as ideas                                                       |
| CA3.2 Utilizáronse mensaxes de saúdo, presentación e despedida, consonte as pautas de cortesía asociadas                                                      |
| CA3.3 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos orais                                                         |
| CA3.4 Utilizouse un vocabulario técnico adecuado ao contexto da situación                                                                                     |
| CA3.5 Comunicouse espontaneamente utilizando correctamente nexos e estratexias de interacción, e adoptando un nivel de formalidade adecuado ás circunstancias |
| CA3.6 Formuláronse as preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta da mensaxe                                                        |



| Criterios de avaliación do currículo                                                                                                                                   |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| CA3.7 Proporcionáronse as respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas                                                                             |
| CA3.8 Transmitíronse con fluidez mensaxes relativas a calquera eventualidade                                                                                           |
| CA3.9 Atendéronse consultas telefónicas propias do ámbito profesional                                                                                                  |
| CA3.10 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión oral                              |
| CA4.1 Formalizáronse con corrección e empregando a terminoloxía específica formularios, informes breves e outro tipo de documentos normalizados ou rutineiros          |
| CA4.2 Redactáronse cartas, correos electrónicos, notas e informes consonte as convencións apropiadas para estes textos                                                 |
| CA4.3 Resumíronse informacións de revistas, folletos e outras fontes, sobre asuntos relacionados co ámbito profesional                                                 |
| CA4.4 Aplicáronse fórmulas comunicativas habituais na lingua estranxeira na produción de textos escritos                                                               |
| CA4.5 Elaboráronse documentos propios da actividade profesional cunha estrutura coherente e con cohesión, empregando o vocabulario e os signos de puntuación adecuados |
| CA4.6 Elaboráronse documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades                                                                                     |
| CA4.7 Redactouse a carta de presentación para unha oferta de emprego                                                                                                   |
| CA4.8 Elaborouse un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) ou outros propios dos países da lingua estranxeira                                                   |
| CA4.9 Aplicáronse os usos pragmáticos específicos da lingua estranxeira, así como outros culturais e sociolingüísticos na expresión escrita                            |

### **3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**

A presente programación para o módulo profesional correspondente ao ciclo formativo de grao superior de Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable foi elaborada atendendo ao establecido no Real Decreto 174/2021, do 23 de marzo, polo que se establece o título de Técnico Superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable e se fixan os aspectos básicos do currículo, publicado no BOE o 24 de marzo de 2021.



**MÍNIMOS ESIXIBLES:** Para superar o módulo de Lingua Profesional II Inglés, a persoa aspirante deberá demostrar un coñecemento teórico-práctico suficiente en relación ás seguintes competencias:

Terá competencia para interpretar información profesional en textos orais e conversas complexas relacionadas coa seguridade viaria e a mobilidade, identificando ideas principais e datos específicos.

Terá competencia para interpretar información profesional en textos escritos e documentos técnicos (normativas de tráfico, manuais de vehículos, informes de mobilidade e estatísticas), utilizando ferramentas de apoio se fose necesario.

Terá competencia para producir mensaxes orais e manter conversas en lingua inglesa en situacións habituais do ámbito da mobilidade (atención de consultas de usuarios, transmisión de instrucións de seguridade e comunicación telefónica básica).

Terá competencia para redactar e cubrir documentos de carácter profesional (correos electrónicos, notas, informes breves e documentos de incidencias ou reclamacións) coa cohesión e coherencia requiridas.

Terá competencia para elaborar un curriculum vitae no modelo europeo (Europass) e cartas de presentación adaptadas ao sector profesional da formación vial e a mobilidade.

Terá competencia para empregar con precisión o vocabulario técnico específico do sector, incluíndo terminoloxía sobre vehículos, elementos de seguridade, normas de circulación e criterios de sustentabilidade.

Terá competencia para actuar con adecuación comunicativa e respecto aos usos pragmáticos e sociolingüísticos propios de contextos profesionais internacionais, garantindo unha comunicación eficaz coas persoas usuarias da vía.

Consireraranse Mínimos Non Esixibles:

CA 1.1: Identificación da idea principal e secundarias en textos orais.

CA 1.2: Extracción de información específica en mensaxes complexas.

CA 1.4: Uso de ferramentas de apoio para a interpretación.

CA 1.5: Interpretación de información oral sobre produtos e servizos.

#### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os criterios de cualificación para a proba libre deste módulo profesional serán os seguintes:

- 1ª Parte da Proba (Contidos Teórico-Conceptuais):

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013, esta primeira parte terá carácter eliminatorio, polo que será imprescindible superala para acceder á segunda parte.

Constitución: Preguntas tipo test, de resposta curta e/ou preguntas de resposta a desenvolver que versarán sobre unha mostra significativa dos criterios de avaliación de comprensión (RA1 e RA2) vinculados á mobilidade e seguridade viaria.

Tempo: Disporase dun máximo de 120 minutos.

Puntuación: Indicarase no enunciado de cada pregunta.

Redondeo: Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5, redondearanse á alza aquelas que acaden a centésima ,51 ou máis.

Exclusión: As persoas que non superen esta parte quedarán excluídas da segunda e serán cualificadas cun 0 nesta última para o cálculo final.

- 2ª Parte da Proba (Contidos Prácticos e de Producción):



Consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos de carácter escrito (redacción de documentos profesionais) e/ou probas de execución práctica (interacción oral), onde se amose o dominio dos RA de produción e interacción (RA3 e RA4).

Tempo: Disporase dun máximo de 120 minutos.

Avaliación: A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos. Serán avaliados por separado e, de superar todos cun 5 ou máis, a nota desta parte será a media aritmética de ambos.

Mínimos: Se non se acada o 5 en algún dos supostos prácticos, non se acadará o 5 na cualificación global da segunda parte en ningún caso.

Vocabulario: Terase especialmente en conta o uso e dominio do vocabulario técnico específico do sector da mobilidade segura e sustentable.

Redondeo: Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5, redondearase á alza a partir da centésima ,51.

Puntuación máxima en caso de suspenso: Segundo o artigo 14.2 da citada Orde, se non se supera esta segunda parte, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

#### CONTIDOS AVALIABLES

Os contidos avaliados son todos aqueles recollidos para o módulo no Real Decreto 174/2021, de 23 de marzo, que establece o título de Técnico Superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable.

#### CÁLCULO DA NOTA FINAL DO MÓDULO

Superarase a proba cunha puntuación mínima de 5 sobre 10. A nota final será o resultado da media aritmética de ambas probas (sempre que cada unha teña un 5 ou máis), expresada con números naturais enteiros entre 1 e 10. Non se redondearán notas por debaixo de 5; para notas superiores, o redondeo á alza aplicarase a partir da centésima ,51.

#### IDIOMA DAS PROBAS

As probas realizaranse integramente en lingua inglesa para os bloques de produción e comprensión, agás as instrucións ou aclaracións que a docente considere oportuno realizar para garantir a correcta comprensión do enunciado.

### 4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

#### 4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte da proba pode estar constituída por preguntas test, de resposta curta e preguntas de resposta a desenvolver e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta primeira parte da proba.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos para responder a todas as preguntas, incluíndo neste tempo as explicacións da proba por parte da docente.

A puntuación indícarase na proba así coma calquera outra indicación necesaria para o seu desenvolvemento.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro. Non se permitirán bolígrafos de tinta borrable, nin o uso de borradores tipo "tipex".

A persoa candidata acreditará a súa identidade con un documento oficial.



Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior dende o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ata o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Non se permitirá a entrada ás persoas 10 minutos despois do chamamento salvo causas debidamente xustificadas e aceptadas pola docente. Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.

O non superar esta primeira parte determinará a exclusión no proceso e non se poderá participar da segunda parte.

IDIOMA DAS PROBAS: INGLÉS

#### 4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte da proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de un ou varios supostos prácticos de carácter escrito, oral e/ou probas de execución práctica, nas que se amose un dominio adecuado dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, polo que serán avaliados por separado. No caso de superar todas as propostas prácticas cunha nota de 5 ou máis, a cualificación final desta parte resultará do cálculo da media aritmética de cada unha das propostas de avaliación. No caso de non acadar o 5 nalgún dos supostos prácticos e/ou probas de execución práctica a persoa candidata non acadará o 5 na cualificación global da segunda parte en ningún caso. So se poderá acceder a esta segunda parte si se superou a primeira.

A proba terá unha duración de 120 minutos máximo tendo en conta as explicacións previas por parte da docente.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro. Non se permitirán bolígrafos de tinta borrrable nin o uso de borradores tipo "Tipex".

A persoa candidata acreditará a súa identidade co Documento Oficial Acreditativo.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ata o remate das mesmas, salvo expresa indicación notificada previamente do profesorado responsable. Isto inclúe teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo.

Non se permitirá a entrada as persoas 10 minutos despois do chamamento salvo causas debidamente xustificadas e aceptadas pola docente. Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas candidatas agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia da proba nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización da mesma.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será de 0.

IDIOMA DAS PROBAS: INGLÉS